XUNTA DE GALICIA

Expediente de Regulación Temporal de Emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou da produción motivado polo COVID-19

Actualizado o 28/03/2020 de acordo co Real Decreto-Lei 9/2020

PASO 1 — **Comunicación ao persoal**

- Comunicación ás persoas traballadoras ou a súa representación legal da intención de iniciar o procedemento e de que se constitúa a Comisión negociadora do período de consultas.

PASO 2 — **Comisión Negociadora**

- Constitución de comisión negociadora representativa con participación do persoal.* (art.23 RD-Lei 8/20)

Prazo máximo: 5 días

PASO 3 — **Comunicación do inicio á autoridade laboral**

- Unha vez constituída a comisión, comunicación á autoridade laboral do inicio do procedemento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (TR820A coa documentación). É potestativa a petición de informe á Inspección de Traballo.

PASO 4 — **Período de consultas**

Prazo máximo: 7 días

PASO 5 — **Comunicación da decisión á autoridade laboral e comunicación ao SEPE**

- Comunicación á autoridade laboral da decisión empresarial a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (TR820B).
- **Nun máximo de 5 días** despois de presentar a comunicación da decisión, a empresa deberá comunicar ao SEPE o número de expediente asignado pola autoridade laboral xunto co resto de documentación (art. 3 RD-Lei 9/2020) e enviará ao SEPE o modelo de ficheiro dispoñible na súa web (sepe.es), así como o certificado de empresa a través da aplicación Certific@2.
- No suposto de que a comunicación da decisión empresarial á autoridade laboral se producira con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto-Lei 9/2020, **o prazo de 5 días para comunicar ao SEPE empezará a computarse desde esta data (o día 28 de marzo)**.

PASO 6 — **Comunicación da decisión pola autoridade laboral**

- Unha vez instruído o expediente, a autoridade laboral remitirá ao SEPE a comunicación final da decisión empresarial.

PASO 7 — **Notificación ao persoal**

- Notificación individualizada ás persoas traballadoras afectadas por parte da empresa.

* Na comisión negociadora participará a representación legal das persoas traballadoras.
Se esta non existe, participarán os sindicatos máis representativos do sector (unha persoa por sindicato).
Se non se puidese conformar, constituirase con 3 persoas traballadoras da propia empresa.

Máis información
900 815 600
De 8:00 h a 18:00 h